

## 26 OBRAS DE 19 GRUPOS, NO MENÚ DA NOVA TEMPADA DE DOMINGOS A ESCENA DE XANEIRO A MAIO

*Sete dos 19 grupos de teatro afeccionado inscritos nesta quenda do 2017 actuarán ante o público ferrolán por primeira vez*

*Todas as representacións son os domingos ás 19:00 horas de balde no Centro Cívico de Caranza ata completar o aforo cunha media de 200 espectadores*

**Ferrol, 13 xaneiro.-** Este domingo 15, regresan ao Centro Cívico de Caranza 'Os Domingos a escena', o ciclo de teatro afeccionado da Concellería de Cultura do Concello de Ferrol que se está a converter nun referente en Galicia cunha chea de novas propostas escénicas e novidades para a tempada 2017, que arranca este domingo 15 e rematará o 28 de maio.

A nova tempada foi presentada hoxe en rolda de prensa polo Concelleiro de Cultura, Suso Basterrechea, e Fina Deibe, de Ti e Mais Eu Teatro, que coordina o ciclo. A media de espectadores cada domingo no Centro Cívico de Caranza achegase aos 200, completando, as mais das veces, o aforo deste espazo cultural.

O concelleiro subliñou que falamos dun ciclo “de gran éxito e enorme aceptación coa maior calidade posible” que medra, semana a semana e ciclo a ciclo, con apoio do Concello, ata consolidarse como un referente do teatro afeccionado en Galicia, con eco no resto do Estado, chegando a súa sona mesmo a Portugal, cunha agrupación que solicitou a súa inclusión neste ciclo, algo que non foi posible xa que así o impedían as propias bases.

Pola súa banda, Fina Deibe, coordinadora do ciclo, agradeceu expresamente o apoio do Concello aos Domingos a Escena e destacou a súa calidade, variedade e fidelidade do público.

Todas as representacións, como viña sendo habitual, **serán os domingos ás 19:00 horas no salón de actos do Centro Cívico de Caranza.** A entrada é de balde ata completar aforo.



## CALENDARIO PREVISTO DAS REPRESENTACIÓNS:

### XANEIRO

- Domingo 15: 'Mátame que eu non podoo', de ATEACO.
- Domingo 22: 'Terapia de bar', do Aturuxo de Melpómene.
- Domingo 29: 'La plancha de la marquesa', de O Noso Lar.

### FEBREIRO

- Domingo 5: 'O cadro é ser feliz', de Trasluz Teatro.
- Domingo 12: 'Pséudolo', Noite Bohemia.
- Domingo 19: 'La Natividad, o algo parecido, El Ruiseñor.
- Domingo 26: 'A mesa do rincón ', GT de SanFins.

### MARZO

- Domingo 5: 'Cual ingrato es el destino', de Hermanas Teatro.
- Domingo 12: 'Frío', de Farrapo Teatro.
- Domingo 19: 'Suite up', Fanfarra Teatro.
- Domingo 26: 'Bambolinas', de Cardume.

### ABRIL

- Domingo 2: 'Pedro y el capitán', de Delatoute Produccións.
- Domingo 9: 'Dez baixo cero'. De Martabelas.
- Domingo 23: 'La espera', de El Ruiseñor.
- Domingo 30: 'Solo', de Solo Teatro.

### MAIO

- Domingo 7: 'Hécuba', de Noite Bohemia,
- Domingo 14: 'Anónimas', de Ditirambo Teatro.
- Domingo 21: 'As lavandeiras', Ti e Mais Eu Teatro.
- Domingo 28: 'Cantos contos de amor', de Abran Paso Teatro.